

Chantría

Extinguida demarcación da diocese, vixente ata 1855. O chantre da catedral de Mondoñedo rexía esta vigairía que, a fins do século XV, comprendía 14 parroquias dos actuais concellos de Mondoñedo, A Pastoriza, Barreiros, Ribadeo e Trabada. No momento da súa desaparición, a chantría contaba só con oito freguesías.

Na Idade Media o seu territorio presentábase fragmentado en tres pequenas unidades sen conexión espacial entre si. Unha delas formábana as parroquias dos concellos de Barreiros, Ribadeo e Trabada que dependían desta vigairía. As mindonienses da Couboeira e Figueiras, parroquias que a mediados do XIX xa non se adscribían a esta demarcación, constituían unha segunda unidade. A terceira integrábana tres freguesías da Pastoriza e as parroquias de Santa María Maior e Argomoso, de Mondoñedo. A esta última unidade sumárase posteriormente Lindín.